

III TORNEO VILA DE AS PONTES

CAMPO DE O POBOADO

PREBENXAMÍNS

BENXAMÍNS

ALEVÍNS

INFANTILES

Estimados amigos e amigas:

O Club Deportivo As Pontes e o Concello de As Pontes dámosvos a benvida e agradecemos de antemán a vosa presenza no **III Torneo Vila De As Pontes de F-8** patrocinado pola Comisión de Festas 2017, que se celebrará nos Campos de O Poboado o vindeiro 17 e 18 de xuño de 2017.

O torneo está dirixido ás categorías Prebenxamín, Benxamín , Alevín , Infantil.

O torneo contará coa presenza de equipos da zona de Ferrolterra, equipos da zona da Coruña e equipos da provincia de Lugo. Desta forma os nenos/as terán a oportunidade de coñecer e desfrutaren con outros nenos e nenas cos que non o fan ao longo da temporada nas competicións habituais. Desde o noso club seguimos apostando polo fomento do deporte de base, entendendo o mesmo non só como competición, senón por encima de todo, como medio de educación e socialización dos nosos nenos e nenas, achegando unha serie de valores básicos e moi enriquecedores a nivel persoal de cara a súa formación como deportistas e como persoas.

Como poden ver no horario en todos os grupos vai haber partidos en horario de mañá e tarde.

Para calquera tipo de dúbida poden poñerse en contacto connosco a través de teléfono ou correo electrónico:

Teléfonos: 662068666 (Carballo) – 616523779 (Suso)- 607378970 (Minchi)

Mail: info@cdaspontes.es

Sen outro particular, saúdavos atentamente

A Directiva do Club Deportivo As Pontes

NORMAS III TORNEO VILA DE AS PONTES F-8

Reglamento da Competición

Dado o carácter deportivo, popular e de entretemento do campionato agradecemos a todos os equipos participantes que eviten os malos modais, erradiquen todo tipo de violencia e se movan por principios de ética deportiva, debendo prevalecer en todo momento o bo ambiente deportivo entre todos e todas as participantes.

1. REGLAS DE XOGO

O torneo será xogado dacordo coas regras da FIFA e as adicionais da RFEF, a excepción dos detalles que se explican neste regulamento.

2. CATEGORÍAS

Biberon, Prebenxamín, Benxamín, Alevín

3. DURACIÓN DOS PARTIDOS

Os partidos terán unha duración de 25 minutos nun só tempo, a excepción da final de cada competición que se disputará en dous tempos de 15 minutos cada un, cun descanso de 5 minutos entre eles.

4.1 SISTEMA DE COMPETICIÓN

4.1.1 Categoría Prebenxamin: Na primeira fase disputarase unha liguilla por cada grupo, clasificándose os catro primeiros de cada grupo. O resto da competición, cuartos, semifinais e final, será a eliminatorias.

4.1.2 Categoría Benxamin: Na primeira fase disputarase unha liguilla por cada grupo, clasificándose os dous primeiros de cada grupo e os dous mellores terceiros. O resto da competición, cuartos, semifinais e final, será a eliminatorias.

4.1.3 Categoría Alevín: Na primeira fase disputarase unha liguilla por cada grupo, clasificándose os dous primeiros de cada grupo. O resto da competición, cuartos, semifinais e final, será a eliminatorias.

4.1.4 Categoría Infantil: Na primeira fase disputarase unha liguilla por cada grupo, clasificándose os dous primeiros de cada grupo e os dous mellores terceiros. O resto da competición, cuartos, semifinais e final, será a eliminatorias.

4.2 Na fase de liguilla a puntuación dos partidos será:

- Partido gañado: 3 puntos
- Partido empatado: 1 punto (
- Partido perdido: 0 puntos
- *** En caso de empate na fase de grupos, celebrarase unha quenda de penaltis, tres por equipo. Por si e necesario no caso de empate a todo entre varios equipos.

4.3 En caso de empate a puntos entre dous equipos terase en conta, e por esta orde, o seguinte:

- a) Mellor diferenza xeral de goles a favor e en contra no total dos partidos.
- b) Maior número de goles a favor.
- c) Resultado obtido do enfrontamento particular entre os equipos igualados a puntos.
- d) En caso de persistir o empate, terase en conta os penaltis da primeira fase.

4.4 En caso de empate a puntos entre tres equipos terase en conta, e por esta orde, o seguinte:

- a) Maior número de puntos nos enfrontamentos directos.
- b) Mellor diferenza xeral de goles a favor e en contra.
- c) Maior número de goles a favor.
- d) Aplicarase a mesma norma que no caso de dobre empate.

4.5 En caso de empate nas rondas eliminatorias e nas finais, o partido decidirse con lanzamentos desde o punto de penalti: Unha quenda de tres penaltis cada equipo, en caso de persistir o empate, continuarían tirando un penalti cada equipo até obter un gañador.

4.6 En caso de una expulsión el jugador expulsado no podrá disputar el siguiente encuentro.

4.7 La organización se reserva el derecho de modificar, cualquier punto de las siguientes normas si fuese necesario.

5. ÁRBITROS

Todos os partidos do torneo serán dirixidos por árbitros oficiais pertencentes ao Colexio de Árbitros de Ferrol.

6. OBRIGACIÓN DOS EQUIPOS

6.1 Cada equipo deberá presentar a folla de inscrición co nome dos e das integrantes do equipo antes de disputar o seu primeiro partido, con un máximo de 16 por equipo. Todos os xogadores deben de pertencer ao club polo que son inscritos, teren licenza no mesmo e estaren inscritos no Programa Xogade.

6.2 Os equipos, no momento de entregar a inscrición, manifestan que todas e todos os xogadores están en perfecto estado de saúde e idoneidade para a práctica deste deporte durante esta competición.

6.3 Recoméndase que cada equipo acuda con dúas equipacións por se houbo coincidencia de indumentaria. De todas formas, a organización porá a disposición dos equipos uns petos.

6.4 Os equipos teñen que estar preparados 5 minutos antes do comezo de cada partido e unha vez rematado abandonarán o campo e os banquillos o máis rápido posible para cumprirmos cos horarios.

6.5 As e Os adestradores e delegados/as serán os responsables dos seus xogadores.

6.7 Queda prohibida a utilización de botas con tacos de aluminio.

7. VESTIARIOS

Nas instalacións existen oito vestiarios, un deles será de uso exclusivo para os árbitros do torneo e outro será de uso exclusivo para as nenas. Cada equipo terá asignado un vestuario que, evidentemente, será compartido con outros equipos, polo que a organización recomenda non deixar nada neles e que cada neno leve na súa bolsa as súas pertenzas. A organización non se fai responsable da desaparición de calquera tipo de obxecto.

A organización resérvase o dereito de solucionar calquera circunstancia anómala, non contemplada nesta normativa. Todos os acordos serán de carácter vinculante.

FOLLA DE INSCRICIÓN

EQUIPO:
CATEGORÍA:
XOGADORES e XOGADORAS
1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16

